



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

D. Miguel Alfonso Pallarés
D. José Nicanor Alonso Álvarez
D. Luis Alonso Bacigalupe
D. Heliodoro Álvarez Conde
D. Xosé Carlos Álvarez Villamarín
D^a. Xosé Carlos Arias Moreira
D^a. Enrique Barreiro Alonso
D. Gustavo Bergantiño Cid
D^a. Silvia Bermúdez Pérez
D. Juan Blanco Gutiérrez
D. Camilo Brandín Feijoo
D. Jorge Bravo Bernárdez
D^a. Soledad Bugallo Petit
D. Manuel Angel Candelas Colodrón
D. Lino Pedro Canedo de la Torre
D^a. Victoria Carballo-Calero Ramos
D. Alfonso Caride Losada
D. Benjamín Pablo Casanova López
D. Javier Castro Martínez
D^a. Mercedes Cendón Falque
D. Xosé Manuel Cid Fernández
D. José Cidrás Pidre
D^a. Patricia Corbacho Suso
D. Xosé Henrique Costas González
D. Miguel Ángel Crestelo Blanco
D. Pedro Cuesta Molares
D. José M^a. da Rocha Álvarez
D. Guillermo De Oca Cancela
D. Jesús De Andrés Iglesias
D^a. Encarnación De Miguel Villegas
D. Javier De Vicente Remesal
D. Manuel Deaño Deaño
D^a. Coral Del Río Otero
D. Domingo Docampo Amoedo
D. Miguel Ángel Esparza Torres
D^a. Margarita Estévez Toranzo
D. Antón Fernández Álvarez
D. Manuel Fernández Cruz
D. Manuel Fernández Gesto
D. Manuel J. Fernández Iglesias
D^a. Generosa Fernández Manín
D. Ramón Ángel Fernández Sobrino
D^a. María Fernández Silva
D. Celso Fernández Silva

Acta da sesión ordinaria do Claustro Universitario da Universidade de Vigo, que tivo lugar o día dezanove de febreiro de dous mil dous, ás 9:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 en segunda, no Salón de Actos da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Telecomunicación da Universidade de Vigo.

O martes, **día 19 de febreiro de 2002**, ás 10:00 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Claustro Universitario co obxecto de tratar o seguinte punto da Orde do día:

- 1.- Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores: 5-11-2001(ordinaria e extraordinaria), 19-12 -2001 (extraordinaria).
- 2.- Informe do Rector.
- 3.- Propostas da Comisión de seguimento da LOU.
- 4.- Elección para cubrir vacante en Xunta de Goberno: - 1 no sector de estudantes
- 5.- Rogos e pregunta

Punto 1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores: 5-11-2001(ordinaria e extraordinaria), 19-12 -2001 (extraordinaria).

Apróbanse por asentimento.

Punto 2 . Informe do Rector:

O Rector da conta das xuntanzas da Comisión elixida no Claustro do día 19 de decembro de 2001 co fin de traballar nos aspectos relativos á aplicación da LOU. A Comisión fixo un seguimento do que acontece noutras universidades e outras comunidades autónomas.

D. Emilio Manuel Fernández Suárez
 D. José Antonio Fraiz Brea
 D. Pedro Pablo Gallego Veigas
 D. Juan Francisco Gálvez Gálvez
 D. Antón García Fernández
 D. José Manuel García Vázquez
 D. Rubén Garrido Bernárdez
 D. Carlos Garrido Suárez
 D. José M^a Gil Villanueva
 D. Eduardo Godoy Malvar
 D^a. Alma M^a Gómez Rodríguez
 D. Alexandre Ínsua Moreira
 D. Alfonso Lago Ferreiro
 D. Francisco Abelardo Lamilla Curros
 D. José Luis Legido Soto
 D. Martín Llamas Nistal
 D^a. M^a. del Pilar López Vidal
 D. Federico Mallo Ferrer
 D. Salustiano Mato de la Iglesia
 D. Andrés Mazaira Castro
 D. Pedro Membiela Iglesia
 D. Ana Belén Méndez Fernández
 D. Gonzalo Méndez Martínez
 D. Pedro Merino Gómez
 D. Eduardo Moledo Caamaño
 D^a. Ascensión Muñoz del Barrio
 D. Miguel Ángel Nombela Castaño
 D. Xosé Luis Outes Ruso
 D^a. M^a Consuelo Pazo Martínez
 D. Cándido Pérez Betanzos
 D. Manuel Pérez Donsión
 D. Javier Pérez Guerra
 D. José Pose Blanco
 D. Albino Prada Blanco
 D. José Carlos Prado Prado
 D. Félix Quintero Martínez
 D. Manuel J. Reigosa Roger
 D. Filemón Rivas Conde
 D. Francisco Javier Rodríguez Berrocal
 D. Gustavo Rodríguez Fuentes
 D^a. Margarita Rodríguez Holguín
 D^a. M^a del Pilar Rodríguez Seoane
 D. José Oscar Rubiños López
 D^a. Veljka Ruzicka Kenfel
 D. José Luis Sáez Ocejó
 D. Rafael Sanz Domínguez
 D^a. Evangelina Sierra Bernardino
 D. Iago Soto Mata
 D^a. Mercedes Suárez Pazos
 D. Juan Carlos Surís Regueiro
 D. Javier Taboada Castro
 D^a. Concepción Tojo Suárez
 D. José Tojo Suárez
 D^a. Dolores Troncoso Durán
 D. Antonio Vaamonde Liste
 D. Fernando Antonio Vázquez Nuñez
 D. Manuel Velasco Graña
 D. Federico Vilas Martín

Punto 3. Propostas da Comisión de seguimento da LOU

A citada Comisión de seguimento da LOU fai ó claustro dúas propostas (anexo) que se resumen do seguinte xeito:

- Proposta 1-

Impulsar e propor:

- a) A elaboración dunha Lei do Sistema Universitario Galego, que leve aparelado un compromiso de financiamento consonte cos retos e necesidades das universidades públicas de Galicia.
- b) Que o Parlamento de Galicia tome esta iniciativa como prioritaria e a xestione asegurando o mais amplo concurso institucional.

- Proposta 2 -

A Comisión do Claustro da Universidade de Vigo, á vista dos cambios que se terán que producir mentres non se aproban os novos Estatutos, recomenda que as decisións a adoptar nos órganos de goberno da Universidade se afasten o mínimo imprescindible do marco regulamentario actual.

Ábrese un turno de intervencións.

O profesor Reigosa di que a Universidade ten que seguir traballando na defensa dos principios xerais que xa foron defendidos dende a elaboración dos actuais Estatutos. Manifesta a necesidade de incidir no marco legislativo autonómico e na redacción dos novos estatutos.

O profesor R. Berrocal manifesta o seu desencanto co traballo da comisión, da cal esperaba mais. Califica de tibias as propostas presentadas. Esperaba recibir propostas concretas.

O profesor Tojo acusa ó Rector de utilizar ó Claustro ó seu antoxo e cando lle convén e anuncia que votará en contra das propostas da Comisión.

O profesor Barreiro califica de excesivamente prudente o traballo da Comisión e di que se omite a realidade dos profesores non doutores.

A Sra. Bermúdez recorda o papel xogado polos estudantes nas mobilizacións e reclama que se respecte a súa representatividade actual.

O profesor Candelas ten constancia de que a Comisión traballou e opina que non pode ir mais lonxe nas súas propostas. Agora é a Xunta de Goberno quen ten que elaborar a normativa de eleccións a Rector e a Claustro e fixar as porcentaxes de representación.

A profesora F. Manín manifesta o seu desencanto persoal pola dinámica de certos órganos colexiados e di que non está clara a segunda proposta da Comisión.

O profesor Mazaira, opina que a Comisión actuou en coherencia con anteriores acordos do Claustro na liña de defender os principios que figuran nos actuais Estatutos. A Comisión só pode facer propostas xerais. Di que a LOU segue se gustarnos e que non podemos pecharnos en nos mesmos. Considera que é bo o traballo da Comisión e entende que debe pedirse que no marco galego se produza o debate que no seu día non tivo lugar.

O profesor Membiela di que agora se abre unha nova etapa, que a Comisión fixo unhas propostas consensuadas pero as reformas ten que facelas o próximo Claustro que elaborará os Estatutos e definirá os aspectos que a LOU deixa abertos.

O profesor Outes di que lle aburre ese certo discurso nacionalista resumido nos termos “é bo por ser galego”. Di que este Claustro perdeu a oportunidade de facer crítica ó xeito de gobernar a universidade. Califica de pobre e nimia a proposta da Comisión. Di que o gran privatizador é o goberno desta universidade e non a LOU.

O Sr. Pérez Betanzos vai votar a favor das propostas e di que as concrecións ten que facelas o novo Claustro cando elabore os novos Estatutos.

O profesor Pérez Donsión votará en contra das propostas. Di que ó Rector nunca lle interesaron as decisións do Claustro.

O profesor Prada di que algunhas intervencións parece que abren unha campaña electoral. A Comisión propón que se abra outra etapa ordeadamente e sen caos e recorda que son moitas as competencias que lle quedan ás autonomías. Trátase de pedir un marco legal único e non que se produza unha serie de goteos legais: Lei de Consello Social, Decreto de Profesorado, etc.

O Sr. Quintero solicita o apoio do Claustro á manifestación que terá lugar en Barcelona en defensa da universidade pública, coincidindo coa xuntanza de Ministros da Unión Europea nesa cidade.

A continuación sométense a votación as propostas recibidas da Comisión de seguimento da LOU:

Proposta nº 1:

A favor	68 votos
En contra	5 votos
Abstencións	14

Apróbase.

Proposta nº 2:

A favor	67 votos
En contra	11 votos
Abstencións	6

Apróbase.

Punto 4. Elección para cubrir vacante en Xunta de Goberno:1 no sector de estudantes

Preséntase a candidatura de D. Heliodoro Álvarez Conde que pasa a formar parte da Xunta de Goberno polo sector de estudantes.

Punto 5. Rogos e preguntas.

O profesor Gallego Veigas pregunta canto se vai aprobar o orzamento do ano 2002. (O Rector responde que o orzamento actual é o prorrogado do ano 2001 xa que a Xunta de Galicia non elaborou aínda o presuposto).

O Sr. Moledo pregunta pola posta en marcha do aire acondicionado en Peritos.

O profesor Outes pregunta cando lle costou á Universidade o informe de D. Pablo Fernández Mariñas sobre o expediente aberto a un profesor da universidade. Roga que se poñan farolas no Campus. Pregunta a que se deben os retrasos na finalización das obras e se os edificios cumpren a lexislación da Unión Europea sobre barreras arquitectónicas.

O Sr. Quintero solicita que se vote a moción presentada anteriormente. A profesora Fernandez Manín solicita que se comprobe se hai quorum.

Non habendo quorum , levántase a sesión ás 12:30 horas do día 19 de febreiro de 2002, da que eu como Secretaria Xeral dou fe, co vº e pr. do Rector.

O Rector,

A Secretaria Xeral

Domingo Docampo Amoedo

Margarita Estévez Toranzo